

Falar de itinerarios e encontros na aula.

O vindeiro día 7 é a última aula expositiva. O propósito da vosa intervención na aula é narrar a experiencia persoal habida no traballo coas persoas e organizacións as que tivechedes acceso (sobre todo no proT). Após reflexionar sobre cuestións comúns nesas experiencias e redactar dúas follas entre os catro para que se suban ao blogue como exemplo do procedemento que a continuación detallo:

A hipótese é que de itinerarios (percorridos vitais e cotiás) reglados, propios, pódese aproveitar aprendizaxe para resolver situacións e para recoñecer mellor o contexto, cuestión que pode, noutro ámbito como o periodismo ou a creación de deseños de medios ou recursos da comunidade, axudarnos a descifrar e comprender mellor. Por simple asociación de conceptos e experiencias, sobordando ás veces a continuidade e a fragmentación nos que categorizados habitualmente a percepción das cousas.

Trátase de afondar na reflexividade (pensar sobre o que fixemos ou facemos) dándolle mellor sentido, dunha próxima vez, ó facer.

Hai unha serie de conceptos, procesos e ámbitos que quero teñades en conta: itinerario, encontro, situación e contexto.

A noción de itinerario podedes atopala na páxina 8 do tema V dos apuntamentos, en Materiais, no blogue. E a de “encontro”, asociada a estratexias e tácticas, nas páxinas 6-7 do mesmo tema. O encontro, como marco de relación (da díada) pode ter que ver cos intereses de cada interlocutor, coa negociación, coas propostas que se fan, coa confianza e a obrigabilidade mutua. Pero tamén coa aparencia, coa emoción e a sensibilización, coa procura

de solucións en común. James Scott xa nos fala da aparencia, da arte da resistencia, mesmo entre daqueles que cremos vítimas, ou daqueles que xestionan o sufrimento e as minusvalías do mundo. E De Certeau do arte do “engano”, como veredes deste autor no tema V.

En canto a situación e contexto, refírese primeiro a o escenario concreto no que se produce o encontro, a relación comunicativa, e, segundo, ás condicións que nesta relación, nesta situación, influen desde cada unha das persoas implicadas e o lugar, natural ou artificial, no que os encontros se producen (por exemplo, no campo do xornalismo, unha rolda de prensa- que é un espazo institucionalizado e artificial-)

Doutra parte, nun segundo banzo, pero porriba, estaría ben ver os conceptos de cidadanía e de desenvolvemento.

O de cidadanía para comprobar o dito no tema VI dos apuntamentos, a noción de cidadanía comunicativa de Marita Mata, ver páxinas 12 a 14 do tema VI dos apuntamentos. Para a noción e historia da comunicación e o desenvolvemento (ComDev) ver o tema III. Cando menos que saian estes conceptos e que se vexa que a práctica se asocia a eles tamén, o cual non deixa de ser certo.

A hipótese é que tanto a cidadanía como discurso comunicativo é un concepto apergaminado que téntase resucitar como cohesionador social nas democracias liberais. Este concepto ten graves enfrontamentos co concepto de comunidade, por exemplo.

Doutra parte, o desenvolvemento podemos velo como outro discurso máis global, coma un estigma que empuxa a perseguir utopías (máis ben distopías) e, mesmo, como motor da razón da vida humana na sociedade (desenvolvemento humano). Concepto que non ten máis historia que a que pasou desde a II Guerra Mundial, que sucedeu ó de “progreso” e é propio da loucura industrial modernizadora que nos levou a onde estamos. Próprio da

aceleración productivista, xa que logo, que causou no poucas distorsións sociais e medioambientais (non so nos referimos aquí á natureza) contemporáneas.

Bueno, logo da chapa, unha última cuestión antes de pasar a un cuestionario-esquema que é o que teredes que pensar para extraer “aprendizaxe” da vosa experiencia. Dikir que esta práctica non ten que ver coa interpretación que poidamos tirar de itinerarios e encontros a partires dos filmes que estamos vendo. Non ten que ver xa que unha cousa é a percepción que tiremos desde as representacións (neste caso o cinema) e outra da propia experiencia e de como construímos a “realidade” por nós mesmos. Aínda que, claro, o procedemento de percepción puidera ser o mesmo, equivocadamente desde unha postura científica, para empezar a saber ver. É dicir, pódese comparar, pero non para esta práctica. Ten que haber distincións aunque poidamos utilizar o mesmo esquema de partida para ver personaxes e vernos a nós ou ós demáis.

Cuestionario-esquema.

(a facerse un mesmo)

0.- Vimos as referencias que citou o profesor nos apuntamentos correspondentes?

1.- O Itinerario:

Coller un día da experiencia dos traballos da asignatura. Lembralo para si mesmo e logo describilo (escribindo aquelas cousas que se recorden: imaxes, conversas, percepcións, prexuízos que se fixeron notar,...) comparalo co itinerario cotiá, o que se teña por normal, na vosa vida. Lembrar ese itinerario cotiá e ver símiles e disímiles. Unha outra volta: coller un itinerario reglado dunha experiencia do outro día noutra asignatura da carreira (como proceso tamén reglado na obrigatoriedade). Lembrar e comparar entre todos.

Finalmente, anotar aquilo que tiramos en limpo duns e doutros, facendo notar o que aprendimos neste, para engadir á experiencia propia (a da nosa vida, a que cremos que temos en xeral).

Portanto:

a) escoller un día da experiencia e lembralo. Describilo, aquilo que sexa relevante.

b) comparar cun día “normal” e cun día onde houbera que facer outra experiencia similar a feita.

c) tirar formas de proceder, aprendizaxes que cre conqueiriu.

2.- Os encontros (e situacións e contextos)

No mesmo día da experiencia habida escoller aqueles encontros de relvo que se produciran e comparar con encontros semellantes habidos nos itinerarios cotiás, considerados habituais, e outros itinerarios reglados en experiencias doutras asignaturas, se é posible.

A escolla pode realizarse desde a descrición os propios itinerarios analisados dantes, profundizando nas relacións constatadas.

No encontro hai que distinguir:

a) as persoas.

b) as situacións.

d) as condicións (contexto)

As persoas, que adoptan un rol determinado e teñen uns intereses determinados, exprésanse nunha relación de maior ou menor confianza, por tanto de maior ou menor comunicación. No intercambio, ó traveso de estratexias e tácticas, chegan a unha negociación sobre un asunto de interese común ou de un dos interlocutores e,

consecuentemente, a unha obrigación mutua, de un para o outro, ou entrambos.

As persoas manteñen encontros en situacións determinadas que poden ser boas para un ou para outro, por exemplo, dependendo do dispositivo adoptado (xerarquía, equidade,...) e/ou do lugar.

As condicións coas que se chega ó intercambio (saberes, experiencias, coxunturas,...) poden determinar tamén o decurso do encontro.

Destes distintos planos dos encontros e dos itinerarios o que se extrae, ou o que se pode e debe extraer, son aprendizajes que ben ratifican o xa sabido e aportan seguridade nas decisións ou constituen unha nova experiencia que, noutras situacións, podemos facer valer e contrastar nesas outras situaciónns onde as condicións e a persoas poden seren diferentes.

Portanto, deberemos:

- 1.- ver como se establece a relación.
- 2.- que importancia ten: a persoa, a situación e as condicións en cada caso.
- 3.- referenciar o aprendido no encontro ou o que se ratifica do que xa sabiamos. E cales son as formas de obter o saber, o recurso, a capacidade ou outro ben que tiramos da relación.

Con estes datos deberemos facer un esquema comprensible para expor na aula no tempo determinado (6 minutos).

Teremos en conta tamén as outras nocións e propósitos establecidos na práctica, é decir:

A.- sírvenos como simil para un comportando ou forma de facer ou pensar nun xornalismo para o común?

B.- para ter en conta no desenvolvemento dun contido, do xeito de proceder na participación ou na organización dun medio comunitario?

C.- como elemento ou experiencia para exemplificar algunha noción de cidadanía ou de cidadanía comunicativa?

D.- para expresar algunha forma de mellora humana ou dun tipo determinado de desenvolvemento maior?

Na aula recolleremos as interpretacións, críticas e exemplos dos compañeiros.

Finalmente, con esas interpretacións, xuntaremos cos outros alumnos encargados da práctica e debatiremos:

1.- percepcións comúns ó redor dos itinerarios e encontros como elementos fornecedores dunha posible aprendizaxe de cara a unha formación continua do cotiá ou do xornalismo comunitario.

2.- itinerarios e encontros: que metodoloxía pode ser a máis correcta para rexistralos? Que elementos e pautas terían que ser tidos en conta nesa metodoloxía? para conseguir que obxectivos?

Redactaremos en conxunto 2 páxinas, pasaremos á revisión do docente e colgaremolos no blog asinado polos participantes.

Este material servirá como apuntamento e entrará nas probas escritas como experiencia e reflexividade sobre o feito.

Saúde.